

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2024 pola que se publica a concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2023/24 en centros públicos de Galicia, convocados pola Orde do 17 de setembro de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 186, do 26 de setembro).*

A Orde do 17 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2023/24 en centros públicos de Galicia establece, no seu artigo 13, que unha vez efectuada a selección o órgano instructor elevará un informe-proposta ao conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a adxudicación dos premios mediante a correspondente resolución para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas nos premios fin de carreira e visto o informe-proposta do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, órgano encargado da ordenación e instrución deste procedemento,

**RESOLVO:**

Primeiro. Conceder os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia, para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2023/24 en centros públicos de Galicia, ao alumnado que figura no anexo I desta resolución.

Segundo. Publicar no anexo II a listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira segundo as bases reguladoras da Orde do 17 de setembro de 2024.

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

### ANEXO I

#### Listaxe das persoas beneficiarias dos premios fin de carreira en ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia e contía

##### Modalidade de Arte Dramática

Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro	Contía
Villaverde García, Susana	***8860**	Dirección escénica e dramaturxia	ESAD de Galicia	3.500 €

##### Modalidade de Deseño

Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro	Contía
García Martínez, Andrea	***9349**	Interiores	EASD Antonio Faiñde	3.500 €
Mosquera Conde, Luis	***0738**	Gráfico	EASD Pablo Picasso	3.500 €

##### Modalidade de Música

Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro	Contía
Placer Espiñeira, Ángela	***2948**	Composición	CMUS Superior de Vigo	3.500 €
Soto López, Efrén	***5653**	Interpretación (vento madeira, saxofón)	CMUS Superior da Coruña	3.500 €

### ANEXO II

#### Listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira con base no establecido na Orde do 17 de setembro de 2024

##### Modalidade de Deseño

Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro
Calvo Martí, Manuel Miguel	***9591**	Produto	EASD Mestre Mateo
García Collazos, Jennifer Tatiana	***2905**	Gráfico	EASD Ramón Falcón



Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro
González Barral, Yara	***2166**	Moda	EASD Mestre Mateo
Permuy Gamallo, Cristina	***1833**	Moda	EASD Mestre Mateo
Ramírez Ureña, Mariana Carolina	***7669**	Gráfico	EASD Pablo Picasso
Rubido Pernas, Lucía	***2272**	Gráfico	EASD Ramón Falcón
Tre Polo, Adrián	***2682**	Gráfico	EASD Ramón Falcón

**Modalidade de Música**

Apelidos e nome	NIF	Especialidade	Centro
Aldao López, Jorge Manuel	***0830**	Interpretación (vento madeira, clarinete)	CMUS Superior da Coruña
Aramburu García, Celia	***8129**	Pedagogía (pedagogía xeral e da linguaxe musical)	CMUS Superior da Coruña
Martínez Temperán, Raúl	***6178**	Interpretación (vento madeira, clarinete)	CMUS Superior de Vigo
Otero Ferreira, Martín	***2624**	Interpretación (jazz, piano)	CMUS Superior da Coruña
Paniagua González, Óscar	***4418**	Interpretación (piano)	CMUS Superior de Vigo
Petisco Fernández, Andrea	***9973**	Pedagogía (pedagogía xeral e da linguaxe musical)	CMUS Superior da Coruña
Pinos Fernández, Amanda	***6000**	Pedagogía (pedagogía xeral e da linguaxe musical)	CMUS Superior da Coruña

